



ESP
Servizos
Públicos

Informa-t

Galicia

Administración
Autonómica

INFORMA DA XUNTANZA DO “ACORDO SOBRE DISPOÑIBILIDADE HORARIA DOS FISP”

O pasado venres día 28 de outubro, mantivemos unha xuntanza as OOSS coa Consellería de Sanidade para tratar definitivamente o **Acordo sobre Disponibilidade Horaria dos Fisp**, e así poder analizar as alegacións que foron presentadas e aceptadas. Nesta xuntanza houbo un cambio de actitude por parte da Consellería de Sanidade, e entregáronnos un documento de Acordo na mesma xuntanza no que se aceptaban case todas as alegacións propostas.

Non podemos estar de acordo coa entrega do documento na mesma xuntanza, a Administración debería telo remitido xuntamente coa convocatoria co fin de ser estudado con antelación á xuntanza. Ao documento presentado se lle fan as seguintes puntualizacións adicionais que son aceptadas:

- No punto 1, eliminarase a palabra “necesidade” do documento, por ser demasiado ambigua e deixase unicamente “urxencias”.
- Engadirase que a urxencia debe ser sempre “motivada” e fora de toda actividade programada.
- Incluirán que se comunicará á Xunta de Persoal estas situacións de dispoñibilidade.
- No punto 3, cambiarase a redacción eliminando “cambio de xornada”, por “Os requirimentos que se produzan.....”
- Incluirán no texto que a compensación horaria seguirá sendo como se fai actualmente.
- No punto 4, aceptan a constitución de unha comisión paritaria de seguimento para tratar discrepancias.
- Redactarán unha acta da reunión na que a Consellería comprometese a manter o diálogo coas centrais sindicais e así poder seguir negociando sobre a subida de niveis e as condicións deste colectivo.

Quedaron en enviar o luns día 30 o texto definitivo incluíndo as modificacións de última hora.

Insistiron moitísimo en que o obxectivo deste Acordo era unicamente que o colectivo seguira nas mesmas condicións e horarios que viñan desempeñando ata agora.